

Xoves, 5 de setembro de 2019

Núm. 170

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SALCEDA DE CASELAS

Bolsas de emprego

BASES E CONVOCATORIA PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE FUNCIONARIOS INTERINOS PERTENCENTES Á ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR, GRUPO C2

Por Resolución de Alcaldía núm. 2019-0712 de data 18.07.2019, foron aprobadas as bases e a convocatoria para a constitución dunha bolsa de emprego de funcionarios interinos pertencentes á escala de Administración Xeral, subescala auxiliar, grupo C2.

Na sede electrónica deste Concello (salcedadecaselas.sedelectronica.gal/board//) e con carácter complementario na paxina web do concello (<http://salcedadecaselas.gal/>), aparecen integramente publicadas as bases que deben rexer a convocatoria e o proceso de selección.

Os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse na sede electrónica deste Concello:

salcedadecaselas.sedelectronica.gal/board//

Contra as presentes bases, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, ante o Alcalde de Salceda de Caselas, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio.

